

ETNORITUAIS E OFRENDAS RELIXIOSAS A NIVEL POPULAR EN DÚAS COMUNIDADES DO CORGO (LUGO): ANSEÁN E CASTRILLÓN.

Autor: José Manuel Blanco Prado.

I. ALGÚNS TRAZOS SOBRE O CONCEPTO DE PIEDADE POPULAR.

A devoción de cada pobo, como todo fenómeno vivo, ten os seus trazos, xa que cada comunidade ten unha óptica propia de vivir a fe e de proiectala aos demais grupos humanos para que a coñezan. Polo tanto, e popular o que o pobo crea. Tamén o que recibe, asimila e fai propio¹.

Polo tanto, a relixión de cada grupo humano é unha especie de colección viva de cantos, ritos, vivencias, que un pobo vai reunindo ao longo da súa historia.



ANTIGO CONFESIONARIO

Por outra banda o fenómeno relixioso popular tenta buscar co divino unhas relacións máis simples, directas e rentables. Isto fai posible que a devoción popular estea en contacto coa plástica simbólica en contraposición ao abstracto. “...la religiosidad popular comporta con frecuencia una reacción anti-intelectualista, y a su vez la creación de otros lenguajes más cercanos a su mundo y su mentalidad”². Ademais as expresións relixiosas populares son a manifestación da emotividade persoal e responden ao desexo e á necesidade da intimidade coa entidade sagrada. Finalmente os devotos nas súas relacións co sagrado tamén adoptan unha postura pragmática de tal xeito que a petición dunha serie de rogacións segue sendo unha característica básica de relixiosidade popular. “Reliquias, medallas, aguas sagradas, imáxenes de devoción, tienen como fin atraer el poder divino y ponerlo a favor del creyente”³.

¹ ÁLVAREZ GASTÓN, Rosendo: *La religión del pueblo. Defensa de sus valores*. Madrid: B.A.C. 1976, páx. 36.

² CACHEDA VIGIDE, Eduardo Aurelio: *La religiosidad popular en Galicia. El municipio de Arzúa*. Santiago: Edicións e Deseño S.L., 1991, páx.289.

³ BASURKO, Xavier: “Los santuarios hoy: claves de interpretación teológica-pastoral”, en *Santuarios del P. Vasco y Religiosidad popular*, II Semana de Estudios de Hª Eclesiástica del P. Vasco, Vitoria, 1982, páx. 308.

Un dos espazos sagrados onde se proiecta a piedade popular é no santuario. Este é



un lugar de culto representado por unha ermida, capela ou igrexa parroquial ao que acoden devotos de diferentes comunidades, algúns para pregar á divindade a concesión dunha serie de pedimentos de base material –recuperar a saúde, boas colleitas, doenzas de animais etc– ou espiritual, e outros para levar a cabo as promesas ofrecidas, logo de que a divindade lles outorgase as rogativas requeridas.

“Los santuarios son percibidos como espacios sagrados, de los cuales irradia la salud material o

IMAXE DO SAN BERNABÉ CO EVANXEO DE SAN MATEO.

espiritual...”⁴. ***“El santuario es el punto de referencia o término al que los romeros dirigen sus aspiraciones físicas y espirituales”***⁵. Nos santuarios se veneran distintas advocacións de Xesús, da Virxen, e diferentes imaxes de santos, que actúan como mediadores ou intercesores diante de Deus. ***“Os focos de sacralidade dun santuario son as reliquias e as imaxes de Deus, a Virxe e os santos”***⁶.

II. ALGÚNS DATOS SOBRE O CONCELLO DE “O CORGO.”

O concello do Corgo, cunha extensión de 157 km², está situado no centro da provincia de Lugo, formando parte da comarca de Lugo. A capital municipal dista 14 km., da cidade de Lugo. Segundo o Padrón municipal do 2010 o concello tiña 3938 habitantes distribuídos en 173 entidades de poboación pertencentes a 38 parroquias⁷.

⁴ RODRÍGUEZ BECERRA, S: “De Ermita a Santuario: Reflexiones a partir de algunos casos de Andalucía”, en ***Romarías e Peregrinacións. Actas do Simposio de Antropología***. Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela, 1993, páx. 111.

⁵ PRAT I CAROS, J: “Los Santuarios Marianos en Cataluña: una aproximación desde la etnografía”, en ***La Religiosidad Popular, III. Hermandades, Romerías, Santuarios***. Barcelona, Anthropos, 1989, páx.227.

⁶ MARIÑO FERRO, X.R: “Os Santuarios e os seus símbolos”, en ***Romarías e Peregrinacións***. Ob. cit., páx. 88.

⁷ Fonte: Instituto Nacional de Estadística.

As parroquias son: Abragán (San Bartolomeu), Adai (Santiago), O Alto (Santalla), Anseán (Santa Catarina), Arxemil (San Pedro), Bergazo (San Fiz), Cabreiros (Santa Mariña), Campelo (San Xulián), Camposo (Santiago), Castrillón (San Salvador), Cela (San Xoán), Cerceda (San Pedro), Chamoso (San Cristovo), O Corgo (San Xoán), Escoureda (Santa María), Farnadeiros (San Pedro), Folgosa (San



Malia que na primeira década deste século maniféstase un leve crecemento da poboación debido ao retorno de emigrantes e da nova poboación asentada, procedente da cidade de Lugo, a pirámide de

O SANTUARIO DO CASTRILLÓN (O CORGO) (LUGO)

poboación do Corgo reflicte un claro avellentamento demográfico con taxas de natalidade moi inferiores ás de mortalidade.

A súa paisaxe correspóndese cunha ampla superficie de erosión ou penechaira situada a uns 400-500 metros de natureza rochosa granítica, con sectores xistosos e chairas aluviais ao longo dos ríos, constituídas por sedimentos arxilosos⁸. Isto posibilitou que se puidesen construír longas rectas nas estradas desta zona: A nacional VI (Madrid –A Coruña), a estrada de Ourense (C – 546), e a autovía do Noroeste. Estas xunto coa vía ferroviaria⁹ constitúen as principais vías de comunicación, que comunican este concello co exterior.


Este municipio posúe un clima oceánico continental, o que dá lugar a que os invernos sexan fríos e os veráns frescos. Desde o punto de vista económico o concello baséase no sector primario cunha agricultura ligada á gandería, debido ao tradicional predominio das pequenas explotacións familiares de carácter mixto. Na produción gandeira destaca dun xeito especial o gando bovino, proietado de cara a venda de leite, e logo o porcino, que se atopa en case todas as explotacións agrarias como un complemento económico. O sector secundario é pouco importante e só convén destacar a presenza de fábricas transformadoras da madeira. Finalmente o sector terciario conta

Martiño), Fonteita (Santiago), Franqueán (Santa María), Gomeán (Santiago), Lapío (San Miguel), Laxosa (Santiago), Maceda (San Pedro), Marei (Santa María), Paradela (San Fiz), Pedradita (San Miguel), Piñeiro (Santa María), Queizán (Santa María), Quinte (Santalla), Sabarei (Santa María Madanela), Chamoso (San Bartolomeu), Chamoso (Santo André), Manán (San Cosme), Manán (Santa María Madanela), Farnadeiros (Santo Estevo), Folgosa (Santo Estevo), Segovia (San Xoán), Vilachá (San Xiao).

⁸ O sector central do municipio do Corgo está drenado por unha serie de afluentes do río Neira, entre os que cómpre distinguir o Tórdea, que nace no municipio de Castroverde, e o Chamoso. A súa vez o río Neira verte as súas augas no suroeste do municipio ao río Miño.

⁹ Hai unha estación en Laxosa, parroquia de O Corgo.

cunha relevante implantación de actividades de índole comercial de hostalaría nos arredores da nacional VI, así como o subsector dos transportes¹⁰.



⊕ SANTUARIOS

LOCALIZACIÓN DAS PARROQUIAS

- 1 PEDRAFITA. (SANTUARIO DA NOSA SEÑORA DAS VIRTUDES)
- 2 CASTRILLÓN. (SANTUARIO DO SAN BERNABÉ)
- 3 ANSEÁN. (SANTUARIO DO ANXO DA GARDA)

● LOCALIZACIÓN XEOGRÁFICA DO CONCELLO DE O CORGO
NO MAPA PROVINCIAL



¹⁰ EQUIPO “IR INDO”. Guzmán López, Cristina e outros: *Galicia en Comarcas. Lugo*, Vigo: La Voz de Galicia. Ed. Ir Indo, 2005, páx. 99.

III. O SANTUARIO DO SAN BERNABÉ DE CASTRILLÓN (O CORGO).

1. A LOCALIZACIÓN DO SANTUARIO, OS TRAZOS ARTÍSTICOS E A INCONOGRAFÍA DO SANTO.

A efectos eclesiásticos, Castrillón, era, hai anos, unha freguesía anexa de Santa María de Franqueán. Na actualidade, a freguesía foi suprimida, pertencendo o seu ámbito territorial a freguesía de Santiago de Gomeán, arciprestado do Picato, provincia e diocese de Lugo. A efectos civís Castrillón é unha parroquia, pertencente ao concello de “O Corgo”, provincia de Lugo. A súa poboación está distribuída en cinco entidades: Castrillón, Fontoira, Lidor, Mesón do Caldeiro, Pedradreita. O termo parroquial está regado polo río Tordea, que nace no municipio de Castroverde, e comunicado pola N-VI, e por algunhas pistas locais.

O santuario é unha igrexa románica, que ocupa a parte norte do castro. Amosa unha nave a dúas augas, elevada, sobre unha armadura de madeira



IMAXE DO SAN BERNABÉ ADICADA A “POÑER O SANTO” E DOUS ESMOLEIROS

e cuberta de lousa. Tanto os muros laterais como a ábsida, que é semicircular e máis baixa e reducida que a nave, están coroados por saíntes e sólidos canzorros, que sosteñen unha forte cornisa. Ademais este recinto sagrado posúe unha portada cun arco de medio punto sen imposta e decoración. No seu interior varios retablos amosan talles do século XVI:

A do Salvador, de pé e cunha bóla do universo; a do San Bernabé, cunha capa e libro; a da Inmaculada, cunha peaña de nimbo e un dragón aos seus pés; e a do San Antonio¹¹.

San Bernabé naceu en Chipre e pertencía a unha familia levítica. Algúns autores, como Clemente Alexandrino e Eusebio de Cesarea, supoñen que San Bernabé foi un dos 72 discípulos dos que fala o evanxeo. En calquera caso, aparece como unha figura relevante no seo da igrexa primitiva que, sen pertencer ao grupo dos doce, merece ao igoal que San Pablo o título de apóstolo. Ambos os dous colaboraron conxuntamente na

¹¹ VALIÑA SAMPEDRO, Elías: *Inventario Artístico de Lugo y su provincia*. Servicio de publicaciones M.E.C. T. II. Madrid, 1975, páxs. 92-94.

organización da comunidade de Antioquia e na predicación aos xentíes. Foi lapidado e queimado vivo polos xudeus de cara ao ano 63. O seu corpo foi atopado no 458, levando no peito o evanxeo de San Mateo que, xunto coas pedras da lapidación, constitúen os atributos da súa iconografía.



Neste santuario hai dúas imaxes do San Bernabé: A que permanece dun xeito permanente no interior do recinto sagrado e amosa o evanxeo de San Mateo; e a que sae na procesión e mostra a palma

MESA CON FIGURAS DE CERA E VELÓNS

do martirio e as pedras da lapidación.

2. AS FONTES DOCUMENTAIS ¹².

- 2.1. Libro de Bautismos., perg. 20 jul. 1773-30 dic. 1834, fols.. 1-54 v. ¹³.
- 2.2. Libro de Bautismos., hol, 28 en. 1836-25 nov. 1852, fols.. 1-24 r., blancos.
- 2.3. Libro de Bautismos, hol., 23 mar. 1852-1 en. 1893, fols.. 1-57 v., blancos.
- 2.4. Libro de Matrimonios., perg. 20 en. 1818-21 feb, 1852m fols.. 1-11 v., blancos¹⁴.
- 2.5. Libro de Matrimonios., hol., 9jn. 1855-16 ene. 1893, fols.. 1-16v., blancos.
- 2.6. Libro de Difuntos., perg., 12 en. 1818-13 feb.1853, Fol.. 1-22r., blancos¹⁵.
- 2.7. Libro de Difuntos., hol., 18 dic. 1852-8 en. 1893, Fol.. 1-29 v., blancos.
- 2.8. Libro de Fábrica., perg., 1816-1893, Fol.. 1-49v., fol., blancos¹⁶.

¹² VALIÑA SAMPEDRO, Elías: *Catálogo de los Archivos parroquiais de la diócesis de Lugo*: Servicio de Publicacións da Deputación de Lugo, 1991, pax. 266.

¹³ No libro de bautismos faise unha ficha na que se fai constar data, lugar de nacemento, lugar de bautismo, nome asignado; lugar de nacemento e vecindade dos pais, avós e padriños. Tamén poden aparecer acontecementos, que afectaron á parroquia: tormenta, invasión dos franceses, algunha catástrofe etc.

¹⁴ No libro de matrimonios se reseña a hora da celebración do matrimonio, de día, de noite, viudos, vellos; o lugar, templo ou ermida; nomes, data e lugar de nacemento dos cónxuxes; pais, testigos etc; dote da filla, en especie ou en metálico etc.

¹⁵ No libro de difuntos adoita aparecer a idade do finado, o lugar de orixe e vecindade, fillos, testamento, lugar de sepultura etc.

¹⁶ O libro de fábrica soe ser de interese sobre todo no aspecto socio-económico. Este libro úsase con moita liberdade de anotacións. Boas ou malas colleitas, administración do templo, descrición de montes parroquiais, cultivos, camiños, aparcementos

3. A FESTIVIDADE E A PROCEDENCIA DOS DEVOTOS.

Todos os anos o día once de xuño conmemórase neste lugar a festividade do San Bernabé¹⁷. Adoitan acudir devotos non só do concello de “O Corgo”, senón tamén doutros concellos limítrofes como Castroverde, O Páramo, Láncara, Portomarín, Neira de Jusá, Guntín, e mesmo Lugo. Noutroora viñan tantos fieis e romeiros de ofrenda e merenda que aínda hoxe as persoas de idade do lugar teñen lembranza do seguinte dito: *“No día do San Bernabé nin os páxaros movían os huevos no nido, do día santo que era”*¹⁸.



4. OS PEDIMENTOS E AS PROMESAS.

Os devotos ofrécese por si mesmos ou para acadar algunha intercesión para outras persoas, que non poden vir ao santuario normalmente por algunha doenza ou impedimento físico debido a

RITUAL DE “POÑER O SANTO”

idade. As peticións máis usuais fanse por doenzas humanas e de animais. Non obstante, os romeiros tamén levan a cabo pedimentos ligados coa crise da facenda propia ou outros problemas de índole familiar e social.

Con todo, a petición vai ligada ao cumprimento dunha promesa. Esta consiste nun contacto directo e sagrado de forza moral entre a persoa e Deus, a través de Cristo ou dunha serie de intercesores ou mediadores como son as diferentes advocacións da Virxe e os santos. Neste caso concreto referímonos ao San Bernabé.

Agora ben, podemos distinguir tres tipos de relación entre os devotos e a entidade sagrada:

1. Relación condicional, é dicir primeiramente a divindade simbolizada por Cristo, a Virxe e os santos concede a petición ó devoto e logo este leva a cabo a promesa; trátase

¹⁷ Se o día propio coincide en sábado ou luns, tamén se celebra festa o domingo. O mesmo en relación a un día festivo.

¹⁸ Este dito tamén quedou reflectido no Santuario das Virtudes (Pedradita) (O Corgo).

dun cumprimento "a posteriori". A este tipo de relación dáselle os nomes de "**Ofrenda condicionada**"¹⁹ e "**Petición Condicional**"²⁰.

2. Algúns devotos veñen solicitar, suplicantes, a mediación de Cristo, da Virxe ou dos santos ante calquera problema cumprindo unha serie de rituais e ofrendas. Neste caso os distintos rituais e ofrendas que os devotos realizan teñen lugar antes de que lles sexa concedida a petición. Este tipo de relación recibe os nomes de "**Ofrenda propiciatoria**"²¹ e "**Devoción peticionaria**"²².

3. Finalmente hai devotos que veñen tódolos anos por algunha petición concedida pola divindade noutrora. A este tipo de relación dáselle o nome de "**Ofrenda de acción de gracias**"²³.

A promesa reproduce dun sistema social que algúen fai cambio dunha axuda cando momento

"Cando o



a divindade
xeito claro o
vixente no
algo a
posterior
chegue o
axeitado.
campesino

O PÁRROCO POÑENDO O SANTO

mercantiliza as súas relacións relixiosas...o que tenta é traducilas a unha dialéctica coñecida, que lle proporciona dúas vantaxes fundamentais: a comprensión pragmática dunha interacción, de por si misteriosa, entre o natural e o sobrenatural, e unha certa seguridade ou dereito emanante da reciprocidade co intermediario"²⁴.

¹⁹ GONDAR PORTASANY, Marcial: "Racionalidad campesina y Relativismo cultural", en *Antropología y Racionalidad*. Ed. Sálvora, Santiago, 1980, páx. 60.

Crítica da Razón galega. Entre o nós-mesmos e nós-outros, Vigo: Biblioteca a Nosa Terra. Nós os Galegos. Ed. a Nosa Terra, 1993, páx. 154.

²⁰ WILLIAM A. CRISTHIAN, Jr: *Religiosidad popular. Estudio antropológico en un valle español*, Madrid: Tecnos, 1978, páx. 134.

²¹ GONDAR PORTASANY, Marcial: "Racionalidad campesina y Relativismo cultural", en *Antropología y Racionalidad*. Ed. Sálvora, Santiago, 1980, páx. 60.

Crítica da Razón galega. Entre o nós-mesmos e nós-outros, Vigo: Biblioteca a Nosa Terra. Nós os Galegos. Ed. a Nosa Terra, 1993, páx. 155

²² WILLIAM A. CRISTHIAN, Jr: *Religiosidad popular. Estudio antropológico en un valle español*, Madrid: Tecnos, 1978, páx. 134.

²³ GONDAR PORTASANY, Marcial: "Racionalidad campesina y Relativismo cultural", en *Antropología y Racionalidad*. Ed. Sálvora, Santiago, 1980, páx. 60.

Crítica da Razón galega. Entre o nós-mesmos e nós-outros, Vigo: Biblioteca a Nosa Terra. Nós os Galegos. Ed. a Nosa Terra, 1993, páx. 155

²⁴ GONDAR PORTASANY, Marcial: *Crítica da Razón galega. Entre o nós-mesmos e nós-outros*, Vigo: Biblioteca a Nosa Terra. Nós os Galegos. Ed. a Nosa Terra, 1993, páx. 153

5. OS RITUAIS E AS OFRENDAS.

O ser humano encóntrase suxeito a unha gran cantidade de perigos. Por tal motivo leva a cabo unha serie de rituais, xa que está convencido da súa eficacia e de que é posible vincular a súa acción a un sentido valioso para a súa vida persoal. Desde sempre o ser humano, por causa da súa fragilidade, debeu realizar rituais e ofrendas coa finalidade de que os deuses e espíritos sentasen compasión e fosen propiciatorios.

Hocart puxo de manifesto que a función do ritual é dobre: por unha banda un obxectivo inmediato e preciso como acadar boas colleitas e por outra un obxectivo máis xeral ao que lle o nome de “saúde”, xa que o ritual é a expresión do interese do home porla vida ²⁵. Pola súa banda, *Arnold M. Rose* sinala que os rituais distínguense polos seguintes elementos: * Posúen unha regularidade e periodicidade ao estar ligados con certas festas. * Teñen un sentido para un certo número de persoas. * Adoitan presentarse dun xeito dramático. *



PROCESIÓN PERCORRENDO O CAMPO DA FESTA

Producen “consensus” de sentimentos mediante unha experiencia participativa ²⁶. Neste santuario se celebran os seguintes rituais propios dunha liturxia oficialista ou ben axeitados a unha mentalidade popular.

5. 1. O RITUAL DE VIR ANDANDO AO SANTUARIO.

Antano moitos devotos viñan ao recinto sagrado andando desde o seu lugar de orixe, como sacrificio previo denantes de entrar en contacto co sagrado. Hoxe, aínda que o máis habitual é vir en coches propios ou doutras persoas, hai algúns fieis, que seguen vindo andando por promesa desde o seu lugar de habitat.

5. 2 O RITUAL DA CIRCUNVALACIÓN.

Logo de chegaren ao santuario os devotos entran en contacto co sagrado. Por iso algúns deles dan unha ou máis voltas ao redor do mesmo case sempre de pé. Nas súas

²⁵ ANTHROPOLOGICA. Instituto de Antropología de Barcelona, nº 6. Ed. Daimon. Barcelona. 1977, páx.99.

²⁶ *Ibidem*, páx. 99.

mans poden levar de ofrenda figuras de cera, que representan ao corpo humano, enteiro ou partes do mesmo: pernas, brazos, pés, así como figuras de animais: cochos, vacas, eguas. O dar voltas ao redor do santuario ten o valor dunha penetración e toma de contacto nun nivel relixioso. Na Grecia clásica tal rito facíase cun fin apotropaico e catártico²⁷.

5. 3. A CELEBRACIÓN DE MISAS.

No ano 2010 o crego que administra o santuario, D. José Antonio Vila, oficiou varias



misas tanto o sábado como o domingo. Comezou a primeiras horas da mañá e rematou a unha e media da tarde cunha misa solemne, que oficiou desde o palco da música debido a falta de espazo na igrexa ao ser a máis concorrida de todas.

O PÁRROCO OFICIANDO A MISA SOLEMNE

5. 4. O RITUAL DA PROCESIÓN.

Ao rematar a misa solemne celébrase a procesión, que percorre o campo da festa e logo o perímetro do santuario. Tódalas imaxes, que saen na procesión, santifican o espacio que percorren, proporcionando unha enerxía positiva a todas as persoas, que se encontran no seu percorrido. ***“Dando una vuelta alrededor del santuario, la imagen santa o la reliquia sacralizan no sólo a las personas y a los animales, sino también a todo el entorno geográfico”***²⁸

Na procesión interveñen os seguintes elementos:

1. A cruz e o pendón parroquial levados por fregueses da comunidade parroquial.
2. As imaxes do San Bernabé, O Salvador e San Antonio, levadas nas andas cadanseu por catro homes da freguesía.
3. A imaxe da Inmaculada, portada nas andas por catro mulleres da freguesía.
4. O crego concelebrante
5. A orquestra, que vai tocando unha marcha procesional.
6. Os asistentes ao ritual colocados sen distinción de idade e sexo.

²⁷ TABOADA CHIVITE, Xesús: *Etnografía Galega. Cultura Espiritual*. Vigo: Ed. Galaxia, 1972, páxs. 156-157.

²⁸ MARIÑO FERRO, X. R: *Las Romerías/Peregrinaciones y sus símbolos*, Vigo: Ed. Xerais, 1987, páx. 175.

Segundo a disposición da procesión Álvarez Gastón distingue unha serie de trazos:

*“Se trata de manifestaciones más multitudinarias no sólo por los participantes activos, sino también por los numerosos espectadores. Dentro de la comunidad local es algo que llega o vitalmente a los feligreses. Los elementos fundamentales de toda procesión son: las imágenes, la forma de llevarlas, el pueblo que participa y el que mira, el espíritu de la celebración – cantos, rezos, silencio..”*²⁹.



DEVOTOS DO SAN BERNABÉ OINDO A MISA SOLEMNE

“Las procesiones son como un ritual de peregrinación menor. Guiada por la cruz procesional seguida de los estandartes, la comunidad eclesial camina a través de las calles como dramatización de la historia sagrada, como exaltación epifánica, pero, sobre todo como ritual de camino penitencial y salvífico.

5. 5. OS RITUAIS DE CONTACTO.

O desexo de todo romeiro é entrar en contacto coas imaxes e demais obxectos relacionados co santuario, xa que o sagrado proxecta a súa cualidade, sacraliza. Entre os rituais de contacto máis habituais sinalo os seguintes:

5.5.1. O RITUAL DE CONTACTO ACTIVO COA IMAXE ESTÁTICA.

Algúns devotos tocan coas súas mans, panos e outros obxectos a imaxe do San Bernabé e, logo, pasan polas partes doentes dos seus corpos cunha finalidade profiláctica e curativa.

5.5.2. O RITUAL DE POÑER O SANTO.

²⁹ ÁLVAREZ GASTÓN, Rosendo: *La religión del pueblo. Defensa de sus valores*. Madrid. B.A.C, 1976, páxs. 91-92.

O crego, encargado do santuario, e un fregués da comunidade parroquial levan a



cabo este ritual no interior do recinto sagrado ao longo da mañá e ao rematar a procesión. Consiste en realizar, cunha imaxe pequena do santo, unha cruz por riba da cabeza dos devotos, mentres o poñente recita a seguinte xaculatoria:

*“ Cristo vive,
Cristo reina,
San Bernabé te libre de todo
mal. Amén”.*

Nesta fórmula sagrada, que acabo de mencionar, pódese apreciar como o santo actúa como mediador ou intermediario diante

A IMAXE DO SAN BERNABÉ COAS PEDRAS DA LAPIDACIÓN

dun ser absoluto e trancendente. *“...Para chegar con máis seguridade a ese Deus, non sempre persoal, o galego bota man dos santos e da Virxen”*³⁰. Este ritual emprégase en moitos santuarios galegos. *“En moitos santuarios milagreiros hai o costume de “poñelo santo”. Van a que llo toquen os enfermos para sandar, e os sanos para que non lles dea a enfermédá. Para esto hai unha imaxe pequena do santo; o devoto ponse de xeonllos, e o sacristán, as máis das veces, colle a imaxe e dalla a beixar, e logo trázalle coela unha cruz nas costas, decindo unha oración...”*³¹. Tamén se utiliza noutros pertencentes a outras rexións, nacionalidades, e nacións. *“En el santuario de San Martín (Azcoitia- Guipúzcoa) durante la misa se da a besar la reliquia del santo titular”*³². En el santuario de “A Virxe do Porto” (Plasencia), tamén se da a bicar unha imaxe da Virxe. Isto mesmo sucede en Liria (Valencia), coa imaxe de San Vicente Ferrer...³³. Finalmente segue usándose noutras nacións, nas que segue habendo un forte contido relixioso de influencia católica. *“En muchos santuarios bretones los romeros*

³⁰ MOREIRAS SANTISO, Xosé: “A relixiosidade popular no sector rural”, en *Rev. Encrucillada*, nº 9, Vigo, 1978, páx. 64.

³¹ RISCO, Vicente: “Etnografía. Cultura Espiritual”, en *Historia de Galicia* dirixida por Ramón Otero Pedrayo. T. I, 1979, páxs.380-381.

³² MARIÑO FERRO, Xosé Ramón: *Ob. cit.*, 1987, páx. 171.

³³ Observacións persoais.

besan las reliquias expuestas delante del coro”³⁴. *“Los romeros portugueses, al terminar la misa, se agolpan para besar las imágenes del santo”* ³⁵.

Por outra banda a relixiosidade popular ademais dunha dimensión práctica ten, como dixemos anteriormente, un compoñente baseado na reciprocidade, que esixe do devoto a entrega dalgún ben para propiciar á entidade sagrada ou para compensala polo don acadado. De aí que os devotos realicen unha serie de ofrendas ao chegaren ao santuario.

Así sufragan misas na honra do santo, que serán oficiadas polo párroco no transcurso do ano³⁶.

Deixan diñeiro no intre de poñer o santo nunha bandexa ou boeta, que se encontra ao carón do poñente; tamén nos esmoleiros, que hai no interior da igrexa, e no momento de oír unha das misas, que se celebran no recinto sagrado.



**A PROCESIÓN PERCORRE TAMÉN
O PERÍMETRO DO SANTUARIO**

Aportan “velóns normais” ou máis pequenos, que colocan ao carón das imaxes do San Bernabé. Os “velóns normais” valen cinco euros e os pequenos tres. Estes adoitan estar acesos no interior da igrexa ata que rematan os diferentes oficios relixiosos.

Tamén ofrecen figuras de cera, que simbolizan a unha serie de animais: cochos e vacas, así como ao corpo humano, enteiro ou nalgunha das súas partes: brazos, pernas, pés etc. Esta ofrenda encontrase nunha mesa alongada, situada no lado esquerdo da igrexa, de onde os devotos poden recollela mediante o previo pago de cinco euros por cada figura. Estas, de índole artesanal, son ofrecidas polos romeiros en testemuña do seu agradecemento pola influencia benéfica que o santo exerceu na sandación de diferentes doenzas de carácter humano ou animal. Polo tanto hai o costume de oír misa coa mesma e realizar o ritual de circunvalación ao redor do santuario. *“Estes exvotos foron e son moi abundantes en case todos os centros de romaría e permanecen expostos no altar como mostra das peticións feitas e como manifestación pública do poderío e*

³⁴ MARIÑO FERRO, Xosé Ramón: *Ob. cit.*, 1987, páx. 170.

³⁵ MARIÑO FERRO, Xosé Ramón: *Ob. cit.*, 1987, páx. 170

³⁶ Normalmente ao ser unha ofrenda escasa encargase case sempre o párroco de celebrar as misas.

*capacidade de convocatoria do santo*³⁷. Trátase dun ofrecemento público, por canto adoita colocarse nos altares das imaxes de devoción. Isto distingue aos exvotos respecto a outras ofrendas, coma os cartos ou as candeas, que amosan un papel máis indeterminado.

No museo de Pontevedra hai unha serie de terracotas procedentes do santuario itálico de Calvi, situado na Campania. Neste santuario ofrecéronse durante varios séculos moitos exvotos de terracota aos deuses itálicos. Convén distinguir as cabezas de homes e mulleres, e algúns animais: cochos, vacas. A maioría destas terracotas, construídas con molde, estiveron policromadas, sendo interesante comprobar a súa semellanza cos exvotos de cera, que aínda se ofrecen en varios santuarios ³⁸.

RITUAIS E OFRENDAS	
LITURXIA OFICIAL	PIEIDADE POPULAR
RITUAL DAS MISAS	RITUAL DE “POÑER O SANTO”
RITUAL DA PROCESIÓN	RITUAL DE CONTACTO ACTIVO COA IMAXE ESTÁTICA.
	RITUAL DE CIRCUMVALACIÓN
OFRENDA EN DIÑEIRO	RITUAL DE VIR ANDANDO DESDE O SEU LUGAR DE ORIXE.
VELAS MOI PEQUENAS COLOCADAS NUN LAMPADARIO MECÁNICO	FIGURAS DE CERA
	OFRENDA EN “VELÓNS”

Cumpridos os oficios relixiosos, os devotos e fregueses da comunidade participan nos diversos actos da celebración profana. Os ramistas encargados da mesma traen canda eles foguetes, que tiran para anunciaren os momentos relevantes de cada xornada festiva; contratan as orquestras, que serven para deleitar aos presentes e subhastan os terreos do campo da festa entre vendedores ambulantes, que teñen como obxectivo específico ofrecer viandas, bebidas, xoguetes, rosquillas etc., para consumo e lecer de todos os romeiros.

³⁷ GONZÁLEZ REBOREDO, Xosé M.: Guía das festas populares de Galicia. Vigo: Ed. Galaxia, 1997, páxs. 133-134.

³⁸ BLANCO PRADO, J. M.: Exvotos e Rituais nos santuarios lucenses. Lugo: Deputación provincial, 1996, páxs. 47-48.



***A ROSQUILLEIRA, SÍMBOLO DA DIMENSIÓN PROFANA
DO SANTUARIO***



FIGURAS DE CERA, VELÓNS, E O SEU PREZO.

IV. SANTUARIO DO SANTO ANXO DE ANSEÁN (O CORGO) (LUGO)

1. ALGÚNS DATOS HISTÓRICOS E XEOGRÁFICOS DA PARROQUIA DE ANSEÁN.



Desde unha óptica eclesiástica, a freguesía de Santa Catarina de Anseán pertence ao Arciprestado de Farnadeiros e a diócese de Lugo³⁹. A efectos civís forma parte do concello de O Corgo e da provincia de Lugo⁴⁰. Segundo *Manuel Vázquez Seijas* houbo unha torre, a Torre de Anseán, do Marqués de

Astorga, título concedido a *Álvaro Pérez Osorio* en 1465 polo Rei Enrique IV. Dela

³⁹ Segundo Elías Valiña Sanpedro foi unha freguesía única ata 1893, ano no que se lle uniu Manán de Abaixo. Posúe as entidades de poboación de Castro, Corral, Lamapulleira, Mourelle, Peizás, Portela e Torre.

⁴⁰ Anseán é unha parroquia situada ao Sur do concello de O Corgo, que dista 13 km. da capital provincial.

faise referencia no proceso que tivo lugar no ano 1526 contra D. Alonso de Fonseca. A torre foi destruída polos irmandiños no século XV e, logo, volveuse a reconstruír. Sen embargo co paso dos anos foise deteriorando debido ao abandono dos donos e a falta de coidado por parte dos caseiros ⁴¹.

2. A NOCIÓN DO SANTUARIO.

O santuario é un lugar de culto simbolizado por unha ermida, capela ou igrexa parroquial ao que acoden devotos non só da comunidade parroquial, na que se ubica o espacio sagrado, senón tamen doutras freguesías. Neste último caso adoitan vir dun xeito individual ou colectivo. Polo tanto, podemos facer alusión a un espazo xeográfico ao que o antropólogo W. A. Christian denomina “territorio de gracia”, sobre o que un santuario proxecta a súa influencia en función do poder de convocatoria que exerce a súa imaxe sagrada en cuestión. Este territorio –segundo *Carme Pernas*– pódese reducir a un ámbito parroquial, municipal, comarcal, regional e extra-rexional, que é o menos frecuente ⁴². Os devotos veñen a este recinto sagrado por un dobre obxectivo:

- | | | |
|---|--|---|
| <p>1º. Pregar da imaxe sagrada⁴³ a súa intercesión ante determinadas peticións de índole material – sandación de colleitas, facenda de carácter</p> <p>2º. Cumprir promesas á logo de que lles rogativas</p> |  | <p>prevención e doenzas, boas familiar etc., – e espiritual.</p> <p>unha serie de devandita imaxe concedese as solicitadas.</p> |
|---|--|---|

RETABLO CENTRAL DO SANTUARIO

“Los santuarios son percibidos como espacios sagrados, de los cuales irradia la salud material o espiritual, y a los que se acude de forma individual o colectiva” ⁴⁴.

⁴¹ XIZ, Xulio: O Corgo, amplo horizonte. O Corgo: Ed. Concello de O Corgo, páx. 99.

⁴² BLANCO PRADO, J.M. e PERNAS BERMÚDEZ, Carmen: “I. Introducción: As romarías e o seu significado” (Os santuarios do concello de A Pastoriza (Lugo), en *Rev. Croa*. Asociación Amigos do Castro de Viladonga. Castro de Rei .Lugo. Referencia de: Carme Pernas Bermúdez, páx.71.

⁴³ A imaxe sagrada está representada por diferentes advocacións de Cristo, a Virxe, e os Santos, que son avogados ante diversos males.

⁴⁴ PRAT I CAROS, Joan: “Los Santuarios Marianos en Cataluña: una aproximación desde la etnografía”, en *La Religiosidad popular, III*. Hermandades, Romerías, Santuarios. Anthropos, Barcelona, 1989, páx. 227.

“Los santuarios son lugares precisos de transformación de la energía divina para utilización humana y de transformación de la energía humana para propósitos divinos”⁴⁵.

Por outra banda, o crego Xosé Antón Míquelez na análise que fai sobre os santuarios distingue os seguintes elementos: a vivencia do social vencellado a uns lugares e obxectos concretos; o predominio da emoción sobre a racionalidade; a cosmovisión estática e non histórica; e o carácter popular pouco institucionalizado⁴⁶.

Finalmente nos santuarios podemos apreciar a existencia dunha triple dimensión:

1ª. Espacial. Trátase de lugares que son puntos de encontro, de contacto, de intersección das diversas zonas do real, da heteroxeneidade dos diferentes estratos da realidade (o divino e o humano, o sagrado e o profano)⁴⁷. En moitas ocasións, os lugares onde se ubican os santuarios están relacionados con lendas ou aparicións milagreiras de santos-as, con reliquias... ou mesmo como lugares onde antano se celebraban prácticas pagáns e cultos á natureza...⁴⁸.



2ª Temporal. Os santuarios son o eixo unificador dunha serie de ritmos vitais e cósmicos⁴⁹. Así nos momentos de transición anual correspondentes cos ciclos solsticiais-equinociais é cando adoitan celebrarse as festividades relixiosas.

3ª Sociolóxica. Nestes recintos sagrados se reflicte o seu sentido de identidade ou pertenza a

RAPAZ OFRECENDO UN VELÓN

un grupo por medio dunha serie de rituais. Tamén o seu sentido de integración de cara ao exterior. ***“La doble vertiente, hacia adentro, y hacia fuera del área de referencia de***

⁴⁵ WILLIAM A. CHRISTIAN, Jr: *Religiosidad popular. Estudio antropológico en un valle español*. Madrid: Tecnos, 1978, páx. 126.

⁴⁶ MIGUÉLEZ DÍAZ, Xosé Antón: “Relixiosidade popular galega. Aproximación e chamadas”, en *Estudios Mindonienses*. Anuario de Estudios Histórico-Teolóxicos de la Diócesis de Mondoñedo-El Ferrol. T.2, páx.248.

⁴⁷ BLANCO PRADO, J. M: *Religiosidad popular en el municipio de Begonte*, Lugo: Deputación provincial, 1991, páx.70.

⁴⁸ BLANCO PRADO, J. M. e PERNAS BERMÚDEZ, Carmen: “I. Introducción: As romarías e o seu significado” (Os santuarios do concello de A Pastoriza (Lugo), en *Rev. Croa*. Asociación Amigos do Castro de Viladonga. Castro de Rei .Lugo. Referencia de: Carme Pernas Bermúdez, páx.71.


⁴⁹ MALDONADO, Luís: “Los Santuarios en la religiosidad popular”, en *Santuarios del P. Vasco y Religiosidad popular*. II Semana de Estudios de Hª Eclesiástica del P.Vasco, Vitoria, 1982, páx. 70.

*cada centro de completa de esta forma, creando una red de relaciones de signo diverso”*⁵⁰.

3. O SANTUARIO DO SANTO ANXO DE ANSEÁN (O CORGO)

3.1. OS TRAZOS ARTÍSTICOS.

Trátase dunha igrexa parroquial, que está provista dunha porta principal alintelada, dun óculo, dunha espadaña sinxela e dunha porta lateral cun ventanal na parte superior. Ademais posúe unha nave a dúas augas con cuberta de pizarra e que se asenta sobre un armazón de madeira. Tamén ten unha capela a catro augas máis alta e reducida que a nave cun arco de triunfo de medio punto sobre unhas impostas saíntes.



No interior do espacio sagrado hai un retablo central, de estípites, composto de tres hornacinas e dun ático. Nas hornacinas encontráronse as talles de Santa Catalina e San Antonio, obras do século XVIII. No ático, a talles de San Cristóbal, tamén do século XVIII. Ademais hai dos retablos laterais con varias talles do século XVII: Anxo co Neno; a Virxe do Carme e San Miguel.

A igrexa está provista dun amplo adro con cemiterio e contén unha magnífica custodía “Sol” de 1800.⁵¹ A uns mil

CONFRARÍA DO SANTÍSIMO E DO SANTO ANXO.

metros atópase a Pena do Santo, e ó seu carón o local da Asociación de veciños de Anseán, onde o fregués Manuel Fernández “Lolo”, ten unha exposición permanente de gran valor relativa aos instrumentos do liño.

3.2. AS FONTES DOCUMENTAIS⁵²

2.1. Lib. Baut., perg., det., 1678-1715.⁵³

2.2. Lib. Baut., perg., 27 feb. 1785-22 jul. 1851, Fol. 1-93v.

⁵⁰ FERNÁNDEZ DE ROTA, J. A: *Antropología de un viejo paisaje gallego*. Centro de Investigaciones Sociológicas. Madrid: Ed. S. XXI, 1984, pax. 259.


LISÓN TOLOSANA, Carmelo: *Invitación a la Antropología cultural de España*. Madrid: Akal, 1980, páx. 93.

⁵¹ VALIÑA SAMPEDRO, Elías: *Inventario Artístico de Lugo y su provincia*. Servicio Nacional de Información Artística, Arqueológica y Etnológica, t.I, Madrid, 1975, páxs. 82-83.

⁵² VALIÑA SAMPEDRO, Elías: *Catálogo de los Archivos Parroquiales de la Diócesis de Lugo*, Lugo: Servicio de Publicaciones de la Diputación Provincial, 1991, páxs. 35-36.

⁵³ Nos Libros de Bautismo se reflicte a a data, lugar de nacemento e bautismo, así como o nome asignado. Tamén o lugar de nacemento e veciñanza de pais, avós e padriños.

- 2.3. Lib. Baut., 20 feb. 1852-14 ag. 1934. Fol.. 1-105.
- 2.4. Lib. Baut., 6 nov. 1935-crte.
- 2.5. Lib. Baut., Manán, 1 en. 1892-25 set. 1945, fols. 1-89v., cronolog., 3 fols.
- 2.6. Lib. Baut., Manán, 9 dic. 1945-crte.
- 2.7. Lib. Matr. 30 jul. 1885. crte.⁵⁴
- 2.8. Lib. Dif., perg., 15 set. 1776-26 dic. 1850, fols. 1-47v.⁵⁵
- 2.9. Lib. Dif., 14 ag. 1852-crte.
- 2.10. Lib. Confirm., perg., 9 oct. 1798-12 feb. 1885, fols. 1-36v.⁵⁶
- 2.11. Lib. Fábr., perg., 1799-1892, fols.1-77.⁵⁷
- 2.12. Lib. Fábr., perg., 1692-1798, fols.1-226.
- 2.13. Lib. Fábr., 1816-crte.
- 2.14. Lib. Cofr., Stmo., Sto. Ángel, perg., 17-crte.⁵⁸
- 2.15. Lista Cofrades Stmo., Sto.Ángel, leg., s. fecha.
- 2.16. Lista Cofrades, leg., 1916.
- 2.17. Lista Cofrades, leg., 1936.
- 2.18. Lista Cofrades, leg., 1945.



3.3. A CONFRARIA DO SANTO ANXO E DO SANTÍSIMO.

As confrarías son agrupacións voluntarias formadas por laicos que teñen como finalidade fomentar o culto de determinadas imaxes. Reciben o seu nome dos misterios da relixión cristiá, das festas do Señor, da Virxe, dos santos...." ***Las cofradías con asociaciones voluntarias de carácter laico, cuyos fines están relacionados formalmente***

⁵⁴ Neste libros faise mención do momento no que se celebra o matrimonio: De día, de noite. Das razóns, se son viuvos, vellos etc. O lugar, templo, ermida. Nomes, data e lugar de nacemento dos conxuxes, pais, testemuñas; dote da filla, en especie o en metálico etc.

⁵⁵ As partidas de difunto adoiten ser extensas: Idade, lugar de orixe e veciñanza, fillos, testamento, legados, lugar de sepultura etc.

⁵⁶ Trátase dos libros que menos datos ofrecen. Unicamente aparece a data e lugar no se que se celebra a confirmación, así como o bispo que actúa.

⁵⁷ Estes libros teñen interese dende unha perspectiva socio-económica. Adoita reflectir a administración da igrexa, mais tamén a descrición de montes parroquiais, cultivos, camiños, prezos de obxectos, importe dunha xornada de traballo etc.

⁵⁸ Son semellantes aos de Fábrica. Sen embargo adotan ser máis concretos, xa que se refiren unicamente a Confraría e aos seus socios.

con el culto a determinadas imágenes o advocaciones"⁵⁹. "*La cofradía es la mediación fundamental para la animación y cristalización de las grandes devociones populares*"⁶⁰.

Teñen un obxectivo relixioso-católico e dependen da autoridade eclesiástica. "*...son asociaciones cuyos fines son formalmente religiosos, estando sujetos, por ello, a la jurisdicción eclesiástica y a la autoridad de la jerarquía católica*"⁶¹. Na confraría lévanse a cabo relacións de convivencia, sociabilidade, intercambio e reciprocidade. "*La cofradía es el núcleo focalizador de toda una vida y un dinamismo comunitario*"⁶².

A confraría pode chegar a representar o nivel de identificación e integración de toda a comunidade. Nese caso a festa principal simbolizará o conxunto da comunidade mesma fronte ó mundo exterior. "*Cada fiesta es la expresión de identidad de la comunidad y también de su unidad*"⁶³.

As confrarías en Galicia xa tiñan vixencia nos séculos XII e XIII. Así o código dado por D.Alfonso X a terra de Santiago no ano 1252, dice entre outras cuestións o seguinte: "*Otrossi mando que non fagan confrarías, nin iures males, nin ningures malos ayuntamientos, que sean a danno de la terra e a mengua do mio sennorio, sino para dar a comer a pobres, o para luminaria, o para soterrar muertos*"⁶⁴.

Deste xeito as confrarías tiñan inicialmente como fins básicos: adicarse ós necesitados, enterrar ós mortos e iluminar o recinto eclesial cando haxa cultos levados a cabo pola confraría.

En Galicia as confrarías son abertas e verticais en contraposición a Andalucía onde tamén as hai pechadas⁶⁵ e horizontais⁶⁶. Son abertas xa que a persoa que o desexe pode

⁵⁹ ESCALERA REYES, Javier: "La religiosidad popular. III. HERMANDADES, ROMERÍAS Y SANTUARIOS. *HERMANDADES, RELIGIÓN POPULAR Y PODER EN ANDALUCÍA*. C. ÁLVAREZ SANTALO, MARÍA XESÚS BUXO y S. RODRÍGUEZ BECERRA (COORDS.). Anthropos. Barcelona. 1989, páx. 459.

⁶⁰ MALDONADO, Luis: "PARA COMPRENDER EL CATOLICISMO POPULAR". COFRADIAS Y HERMANDADES. Ed. Verbo Divino. Estella (Navarra). 1990, páx.87.

⁶¹ ESCALERA REYES, Javier: *Ob. cit.*, páx. 460.

⁶² MALDONADO, Luis: *Ob. cit.*, páx. 87.

⁶³ PITT RIVERS, Julián: "L'identité locale vue à travers la fiesta". Coloquio Hispano-Francés. Culturas Populares. Diferencia, Divergencias, Conflictos. Universidad Complutense. Madrid. 1986, pg.13.

⁶⁴ LOPEZ FERREIRO, Antonio: "Los Fueros Municipales de Santiago y su tierra". T.I. Santiago. 1985, pg.359.

⁶⁵ A confraría pechada é aquela que amosa un número de socios limitado.

⁶⁶ A confraría horizontal reflicte dun xeito bastante preciso a segmentación e división social da comunidade

pertencer a elas sempre que execute os estatutos da asociación; son verticais xa que en cada unha dela intégranse persoas pertencentes a distintas capas sociais.

Normalmente unha persoa pertence a unha confraría ben pola tradición familiar, pola amizade con algún membro delas, pola residencia etc. Isto motiva que calquera persoa poda ser membro de varias confrarías, aínda que nalgunha delas non teña a residencia do confrade.

Pois ben, polo que respecta aos séculos XIX e XX, a dinámica desta confraría foi a seguinte:


D. Juan López de Prado, párroco de Santa Catalina de Anseán, xunto a *Francisco Castedo*, *Silvestre Santalla* e *Pedro de Portela*, veciños de dita freguesía, comparecen diante dos demais fregueses desta parroquia en cumprimento do acto de visita do Ilmo. Sr. *D. Felipe Peláez Canedo*, bispo da diocese de Lugo, no que se suprime a confraría existente coa advocación do glorioso Santo Anxo da Garda coa finalidade de que no seu lugar se funde de novo a confraría do Santísimo Sacramento á que pasamos todo o

caudal que posuía a do Santo Anxo.

O día 7 de Abril do ano 1799 fundamos a devandita confraría, que se vai regular mediante as seguintes constitucións⁶⁷:

1ª. Nomeamos ao Ilmo. Sr. bispo da diocese de Lugo, sempre que o desexe, así como aos seus sucesores primeiro irmán da dita asociación.

2ª. Queremos que todos os veciños desta parroquia se inscriban como confrades, e cumbran coas seguintes obrigacións: Acompañar ao Stmo.



ESTATUTOS DA CONFRARÍA

Sacramento nas súas funcións e cando se leve aos doentes. Asistir as funcións que celebre a confraría polos confrades vivos e difuntos.

3ª. Desexamos que se celebre anualmente unha misa e unha función solemne ao Stmo. Sacramento ben no día do Corpus, na súa Octava ou nunha das dominicas seguintes sempre que o permitan as funcións ao Santísimo que se oficien nas parroquias cercanas. Para celebrar esta función o párroco deberá chamar aos cregos, que fagan falta dandolles a esmola estipulada pola confraría.

⁶⁷ Confraría do Santísimo e do Santo Anxo. Parroquia de Santa Catalina de Anseán. Arciprestado de Farnadeiros. Arquivo Central Diocesano Parroquial. Obispado de Lugo. Libro I. Anos 1799-1972.


4ª. Resolvemos que o párroco convoque para a festividade do Santo Anxo a seis cregos a fin de que os fregueses da parroquia poidan confesarse para gañar as indulgencias concedidas á confraría do Santo Anxo sempre e cando o bispo da diocese de Lugo teña a ben non suspendelas. Así mesmo, acordamos que se celebre unha misa e función por todos os irmáns vivos e difuntos pagando aos cregos oficianes a esmola acordada pola irmandade. Ademais todas as funcións relixiosas que leve a cabo dita asociación serán realizadas polo párroco ou polos cregos que ordene.

5ª. Acordamos que a confraría teña dúas clases de irmáns: Unha, que comprenda a todos os cabezas de familia da parroquia, que pagarán anualmente por si e polas súas familias un ferrado de centeo. Outra, que deberá pagar ao ano catro cuartos de tarxa ⁶⁸ e un real de vellón de entrada non sendo admitidos os que superen os corenta anos. Todos teñen dereito a recibir da asociación seis fachas ⁶⁹ para enterro e honras.

6ª. Queremos que todos os anos se designe na confraría un mordomo, que terá a obrigaón de recoller polo mes de Agosto as tarxas de centeo, depositalas nunha arca, que construíra a irmandade, e beneficalas nos meses de mellor prezo coa intervención do párroco e o depositario. Tamén custodiará e entregará a cera para as diferentes funcións relixiosas.

7ª. Resolvemos que o depositario custodie na confraría o caudal resultante, así como o sustento da mesma. Ao rematar o seu mandato⁷⁰ ou anualmente dará a coñecer ao párroco as súas contas con cargo e data⁷¹, entregando ao novo depositario o alcance actual da asociación.

O libro da confraría ao igual que o libro de fábrica serán inspeccionados polo bispo da diocese de Lugo ou polos visitantes da Orde.



INSPECCIÓN DA CONFRARÍA

Por esta confraría pasaron uns 1800 confrades no periodo comprendido entre os anos 1915 e 1947⁷². No século pasado, a finais da década dos sesenta, a confraría tiña uns 1000 confrades⁷³.

⁶⁸ Cota que os confrades pagaban na confraría.

⁶⁹ Cirio ou velón de cera.

⁷⁰ Os depositarios podían sere elixidos por un periodo de tres anos e mesmo reelixidos logo de que outros fregueses ocupen o cargo.

⁷¹ O cargo e a data fan referencia aos ingresos e gastos existentes na irmandade.

4. A FESTIVIDADE E A PROCEDENCIA DOS DEVOTOS

A festividade do Santo Anxo celébrase o segundo domingo do mes de maio. Acoden devotos non so de diferentes parroquias de O Corgo (Lugo), senón tamén doutros concellos cercanos; entre outros, Baralla, Castroverde, Guntín, Láncara, Lugo, O Páramo e Portomarín. Polo tanto, este santuario posúe un territorio de gracia supraparroquial e supramunicipal.

5. OS PEDIMENTOS

En xeral os devotos ofrécese por si mesmos ou para acadar algunha intercesión para outras persoas, que non podían vir ó santuario por algunha doenza. O Santo Anxo recibe unha devoción, que está moi ligada cos meniños. Polo tanto, non resulta estraño ver a un bo número de mulleres, que acoden ao santuario cos seus fillos no colo para dar grazas ao

polos
concedidos
pregar a súa
En bastantes
ofrecidos,
poden,
vindo a este
sagrado en
gracias”.



Santo
beneficios
ou para
intercesión.
casos os
sempre que
seguen
recinto
“acción de
Tamén hai

DEVOTA OFRECENDO UN VELÓN

devotos que veñen a este espazo sagrado por doenzas humanas como queda reflectido nalgúns corpos de cera, que aínda se encontran no santuario, e que representan a seres humanos, total ou parcialmente.

⁷² Confraría do Santísimo e do Santo Anxo. Parroquia de Santa Catalia de Anseán. Arciprestado de Farnadeiros. Arquivo Central Diocesano Parroquial. Obispado de Lugo. Libro III. Anos 1915-1947.

⁷³ VALIÑA SAMPEDRO, Elías: *Catálogo de los Archivos Parroquiales de la Diócesis de Lugo*, Lugo: Deputación Provincial, páx. 35.

“Aquí era unha tradición que cando nacían os pequenos, desde os primeiros anos os pais sentíanse coa obrigación de traer aos fillos aquí ao Santo Anxo, e hoxe hai xente maior que segue acudindo cos fillos, cos netos e mantén a tradición”⁷⁴

6. AS PROMESAS OFRECIDAS AO SANTO.

A unidade básica de relación entre o devoto e a imaxe sagrada para resolver unha serie de problemas é a promesa. Esta consiste normalmente nun contacto directo e sagrado de forza moral entre a persoa e Deus por medio de Cristo ou dunha serie de mediadores como son as diferentes advocacións da Virxe e os santos. *“Para chegar con máis seguridade a ese Deus, non sempre persoal, o galego bota man dos santos e da Virxe...”⁷⁵*. Sen embargo o santo non sempre é como o define a Igrexa, xa que non é un intermediario ante Deus, senón que ten un poder primario. *“O Santo pode ser un ente con poder que lle son propios”⁷⁶*. A promesa á entidade sagrada e dun xeito claro o sistema social vixente no que alguén fai algo a cambio dunha posterior axuda cando chegue o momento axeitado. *“El intercambio de dones entre una persona y un ser sagrado es algo universal y fuertemente vinculante”⁷⁷*. Neste santuario podemos distinguir tres modelos de relación entre os devotos e as imaxes de devoción:



1º. A promesa xeralmente é condicional, é dicir, a imaxe de devoción concede a petición ó devoto e logo este leva a cabo a promesa; trátase dun cumprimento “a posteriori”. Este tipo de promesa recibe os nomes de *“Ofrenda condicionada”⁷⁸* e *“Petición Condicional”⁷⁹*.

2º. Algúns devotos veñen pregar a mediación da imaxe de devoción ante un problema determinado,

⁷⁴ Manolo Fernández, (Lolo), de Anseán (O Corgo).

⁷⁵ MOREIRAS SANTISO, Xosé: “A relixiosidade popular no sector rural”, *Rev. Encrucillada*, nº 9, Vigo, 1978, páx. 64.

⁷⁶ LORENZO FERNÁNDEZ, Xaquín: “Paganismo e cristianismo na relixiosidade popular”, en *Rev. Encrucillada*, nº 9. Ed. Sept, Vigo, 1978, p. 45.

⁷⁷ MARIÑO FERRO, Xosé Ramón: *Las Romerías/Peregrinaciones y sus símbolos*, Vigo: Ed. Xerais de Galicia, 1987, páx. 272.

⁷⁸ GONDAR PORTASANY, Marcial: “Racionalidad campesina y Relativismo cultural”, *Antropología y Racionalidad*, Santiago, 1980, páx. 60.

GONDAR PORTASANY, Marcial: *Crítica da razón galega. Entre o nós-mesmos e nós-outros*. Vigo: A Nosa Terra, 1993, páx. 153.

⁷⁹ WILLIAM CRISTHIAN, A. Jr.: *Religiosidad popular. Estudios antropológicos en un valle español*. Madrid: Tecnos, 1978, páx. 134.

executando unha serie de rituais e ofrendas. Neste caso os diferentes rituais e ofrendas, que os devotos cumpren, teñen lugar antes de que lles sexa concedida a petición. Este tipo de promesa recibe os nomes de “*Ofrenda propiciatoria*”⁸⁰ e “*Devoción Peticionaria*”⁸¹.

3º. Finalmente hai devotos, que acoden tódolos anos por algunha rogativa concedida pola imaxe de devoción noutrora. A este tipo de promesa dáselle tamén o nome de “*Ofrenda de acción de gracias*”⁸².

As promesas máis frecuentes, que se realizan neste santuario están relacionadas con diferentes rituais e ofrendas.

7. OS RITUAIS.

Arnold Rose sinala que os rituais distínguense polos seguintes elementos: Posúen unha regularidade e periodicidade ó estar relacionados con certas festas; teñen un sentido para certo número de persoas; adoitan presentarse dun xeito dramático; e producen “consensus” de sentimentos mediante unha experiencia participativa⁸³. O rito é un universal cultural presente en todas as culturas. É inseparable de momentos



RITUAL DE “POÑER O SANTO”

importantes no ciclo da vida e vai acompañado de danza, canto, música, percusión, bandeiras, cor...; tamén amosa analoxías, metáforas e polaridades que trata de superar...⁸⁴.

⁸⁰ GONDAR PORTASANY, Marcial. *Ob. cit.* 1980, páx. 60.

GONDAR PORTASANY, Marcial. *Ob. cit.* 1993, páx. 154.

⁸¹ WILLIAM CRISTHIAN, A. Jr. *Ob. cit.* 1978, páx. 134.

⁸² GONDAR PORTASANY, Marcial. *Ob. cit.* 1980, páx. 60.

“ “ “ “ “ 1993, páx. 154.

⁸³ “Rituais”, *Antropológica*, Instituto de Antropología de Barcelona, nº 6, 1977, páx. 99.

⁸⁴ LISON TOLOSANA, Carmelo: “Rito, funciones y significado”, *Música oral del Sur: Música hispana y ritual*, nº 9, Junta de Andalucía, 2012, páxs.22-28.

7. 1. OS RITUAIS COLECTIVOS.

7.1.1. A CELEBRACIÓN DE MISAS.

Neste recinto sagrado foron oficiadas misas as dez e once da mañá; ó mediodía e a unha da tarde, momento no que dous cregos da cidade de Lugo máis o párroco concelebraron a misa solemne⁸⁵. A misa resulta ser un momento de máxima tensión devocional. Tentan seguila o maior número de devotos a pesar dos inconvenientes que poida ocasional o encontrar un lugar axeitado⁸⁶.

7.1.2. O RITUAL DA PROCESIÓN.

Ao rematar a misa solemne, levouse a cabo a procesión, que percorreu o perímetro do santuario⁸⁷. Nalgúns recintos sagrados de Quiroga⁸⁸, Pantón⁸⁹, Sober ... a procesión lévase a cabo antes da celebración da misa solemne.

Na procesión interviron os seguintes elementos:

- 1º. A cruz parroquial levada un fregués da comunidade parroquial.
- 2º. A imaxe do Santo Anxo levada nas andas por catro homes da freguesía de Anseán.
- 3º. A advocación do Carme portada tamén nas andas por catro mulleres da parroquia.

4º. Os cregos concelebrantes.

5º. Os asistentes ao ritual colocados sen distinción de idade e sexo.

A procesión é un ritual relixioso que ten como finalidade expresar pública e colectivamente un culto, un diálogo coa divindade correspondente. Utiliza normalmente un espacio fora do templo que pasa a ser un



⁸⁵ Ano 2011.

⁸⁶ GONZALEZ REBOREDO, Xosé M. *Guía das Festas Populares de Galicia*. Vigo: Ed. Galaxia, 1997, páx. 132.

⁸⁷ A procesión neste santuario foi introducida de novo polo actual crego D. Daniel Rodríguez.

⁸⁸ BLANCO PRADO, José Manuel e RODRÍGUEZ SÁNCHEZ, Manuel. “La devoción popular en el Santuario de la Ermita (Quiroga)”, en *Lucus*, Boletín Informativo da Deputación de Lugo, nº 42, 1994, páxs. 35-37.

⁸⁹ BLANCO PRADO, José Manuel. *Exvotos e Rituais nos Santuarios Lucenses*, Lugo: Deputación Provincial de Lugo, 1996, páx. 134.

soporte para esa hierofanía, para esa manifestación relixiosa. Polo tanto, ás rúas, as prazas, e calquera espacio de acollida do ritual recibe unha reinterpretación con posibilidade de valores de sacralidade. Deste xeito, as imaxes, que saen na procesión, santifican o espacio que percorren, proporcionando unha enerxía positiva a tódolos seres, tanto persoas como animais, que se encontran en dito espacio. ***“Dando una vuelta alrededor del santuario, la imagen santa o la reliquia sacralizan no sólo a las personas y a los animales, sino también a todo el entorno geográfico”***⁹⁰. Segundo a disposición da procesión ÁLVAREZ GASTÓN distingue unha serie de características: ***“Se trata de manifestaciones más multitudinarias no sólo por los participantes activos, sino también por los numerosos espectadores. Dentro de la comunidad local es algo que llega vitalmente a los feligreses. Los elementos fundamentales de toda procesión son: las imágenes, la forma de llevarlas, el pueblo que participa y el que mira, el espíritu de la celebración –cantos, rezos, silencio...”***⁹¹. Las procesiones son como un ritual de peregrinación menor. Guiada por la cruz procesional seguida de los estandartes, la comunidad eclesial camina a través de las calles, como dramatización de la historia sagrada, como exaltación epifánica, pero, sobre todo, como ritual de camino penitencial y salvífico⁹².

7.2. OS RITUAIS DE PARTICIPACIÓN INDIVIDUAL.

7.2.1. O RITUAL DE VIR ANDANDO Ó SANTUARIO.

Hai anos bastantes andando desde o seu sacrificio previo antes sagrado. Na maioría fan a viaxe en habendo pervivencias apreciar como hai caminando desde poboación cercanas ao



devotos acudían ó santuario lugar de orixe, como de entrar en contacto co actualidade, aínda que a coches particulares, segue deste ritual. Así pódese devotos, que aínda veñen aquelas entidades de recinto sagrado.

⁹⁰ MARIÑO FERRO, Xosé Ramón. *Ob. cit.* 1987, páx. 175.

⁹¹ ÁLVAREZ GASTÓN, Rosendo. *La religión del pueblo. Defensa de sus valores*. Madrid: B.A.C, 1976, páxs. 91-92.

⁹² AGUIRRE BAZTÁN, Angel. *Ob. cit.* 1993, páx. 107.

7.2.2. OS RITUAIS DE CONTACTO.

O desexo de todo devoto é entrar en contacto coas imaxes e demais elementos e obxectos vinculados ó santuario, xa que o sagrado proxecta a súa cualidade, sacraliza. Entre os rituais de contacto máis habituais sinalamos os seguintes:

A. O RITUAL DE POÑE-LO SANTO.

Este ritual consiste en que dous fregueses da parroquia, realizan cunha imaxe pequena do Santo Anxo, unha cruz por riba da cabeza dos devotos. Estes bican dita imaxe e deixan unha esmola nunha bandexa ou boeta, situada ao caron dos poñentes- un home e unha muller-. Ámbos os dous, mentres levan a cabo o ritual, pronuncian unhas xaculatorias. Así, o fregués, situado áo pé do retablo lateral esquerdo, dice:

***“Santo Ángel de la Guarda
te guarde y te libre de todo mal. Amen”.***

Pola súa banda, a freguesa, colocada xunto ao retablo lateral dereito profire en galego castelanizado a seguinte:

***“Santo Anxo bendito
te defenda de todos os males. Amén”***

Segundo as oracións devanditas o santo non sempre é como o define a Igrexa, xa que non é un intermediario ante Deus, senón que ten un poder primario. ***“O Santo pode ser un ente con poder que lle son propios”***⁹³.



RITUAL DE “POÑER O SANTO”

Este ritual emprégase en moitos santuarios non só galegos senón tamén doutras comunidades do Estado español así como doutras nacións nas que segue habendo un forte contido relixioso de base católica *“ En muchos santuarios bretones los romeros besan las reliquias expuestas delante del coro”*⁹⁴. *“Los romeros portugueses, al terminar la misa, se agolpan para besar las imágenes del santo”*⁹⁵.

⁹³ LORENZO FERNÁNDEZ, Xaquín: “Paganismo e cristianismo na relixiosidade popular”, en *Rev. Encrucillada*, nº 9. Ed. Sept, Vigo, 1978, p.45.

⁹⁴ MARIÑO FERRO, Xosé Ramón. *Ob. cit.*, 1987, páx. 170.

⁹⁵ MARIÑO FERRO, Xosé Ramón. *Ob. cit.* 1987, páx. 170.

8. AS OFRENDAS.

8.1. AS MISAS.

A misa é unha das promesas básicas, que levan a cabo os devotos nos santuarios ós que acoden. Esta ofrenda é anotada nun libro polo párroco ou por un fregués da parroquia, na que está situado o recinto sagrado. Neste santuario os devotos ofreceron no ano 2011 unhas sesenta misas. O seu custo foi de sete euros. Todas as misas ofíciaas o párroco no transcurso do ano.

8.2. OFRENDA EN METÁLICO.



PETITORIO DO SANTO ANXO

Trátase dunha ofrenda, que se está facendo moi usual, en case todos os santuarios desta provincia. Lévase a cabo dos seguintes xeitos:

2.1. Os devotos, logo de poñer-lo santo, deixan unha esmola nunha bandexa ou boeta, que se encontra ó carón do poñente.

2.2. Un sancristán ou fregués da parroquia vai recollendo nunha bandexa ou petitorio a esmola dos devotos, que asisten á misa.

2.3. Nos petos que se atopan no interior do santuario.

8.3. OS EXVOTOS DE CERA.

Estes exvotos son obxectos artesanais, que simbolizan a una serie de animais: cochos, eguas, vacas, así como ó corpo humano e algunhas das súas partes: brazos, mans, pernas, pés... Estas figuras eran levadas ao santuario polos devotos en testemuña do seu agradecemento pola influencia benéfica que o Santo Anxo exercera na cura de diferentes doenzas humanas. En todos os exvotos repítense tres elementos básicos: A promesa dun don a unha entidade sagrada pola consecución dun beneficio. O convencimento propio do individuo cando a entidade satisfizo a súa petición; e,

finalmente, o don prometido polo ofrendante facendo constar públicamente que cumpriu a súa promesa. Ademais os exvotos deben amosar unha serie de trazos que os posibilitan como tal; así deben gardar unha relación coa persoa que recibiu o favor e o suceso que o motiva; e, tamén, perdurar no tempo, e dicir pervivir mesmo da morte da persoa que o ofreceu. *“Hai un tipo especial de ofrenda, os exvotos, que serven como sinal e lembranza do beneficio recibido”*⁹⁶. *“Estes exvotos foron e son moi abundantes en case todos os centros de romaría e permanecen expostos no altar como mostra das peticións feitas e como manifestación pública do poderío e capacidade de convocatoria do santo”*⁹⁷.

No retablo lateral dereito do santuario do Santo Anxo aínda encontramos algúns exvotos de cera, que representan a figuras humanas, total e parcialmente. De todos xeitos este tipo de ofrenda segue sendo moi peculiar no Santuario do San Bernabé de Castrillón (O Corgo).

No Museo de Pontevedra hai unha serie de terracotas procedentes do santuario itálico de Calvi, situado na Campania. Neste santuario dedicáronse moitos exvotos ós deuses itálicos durante varios séculos. Destacan as cabezas de homes e mulleres, algúns animais: cochos, vacas. A maioría destas terracotas, feitas con molde, estiveron policromadas, sendo interesante comprobar a súa semellanza cos exvotos de cera que aínda se ofrecen en bastantes santuarios.



EXVOTOS DE CERA

8.4. OS VELÓNS.

Na actualidade os devotos ofrecen “velóns” ou cirios pequenos, que un fregués da parroquia vende a un euro e medio no interior do espazo sagrado.⁹⁸ Adoitan colocalos a ámbos lados do retablo central e, tamén, no retablo lateral dereito, permanecendo

⁹⁶ MARIÑO FERRO, Xosé Ramón. *Antropoloxía de Galicia*. Vigo: Ed. Xerais, 2000, páx. 494.

⁹⁷ GONZÁLEZ REBOREDO, Xosé M. *Ob. cit*, 1997, páxs. 133-134.

⁹⁸ Ano 2011.

acesos ata que rematan os diferentes oficios relixiosos. Tamén hai devotos que oen as distintas misas, que se ofician no santuario, portando un velón aceso nas súas mans.

Algúns devotos compran a un euro e medio distintos recordos do Santo Anxo, como



medallas e pulseiras.

Finalmente ao rematar os oficios relixiosos un grupo de gaiteiros toca algunhas pezas ao carón do recinto sagrado, onde tamén se encontra un posto de venda de rosquillas, que ten moita aceptación entre os fregueses asistentes.

POSTO DE VENDA DE OBXECTOS RELIXIOSOS

E. BREVE RESUMO DOS RITUAIS E OFRENDAS EXISTENTES NOS TRES SANTUARIOS ANALIZADOS: AS VIRTUDES. O SAN BERNABÉ E O SANTO ANXO.

<i>PROMESAS REALIZADAS NOS TRES SANTUARIOS DE “O CORGO”</i>			
LITURXIA OFICIALISTA	SANTUARIO DAS VIRTUDES	SANTUARIO DO SAN BERNABÉ	SANTUARIO DO SANTO ANXO
<i>RITUAIS</i>			
MISAS	X	X	X
PROCESIÓN	X	X	X
<i>OFRENDAS</i>			
ESMOLAS	X	X	X
VELÓNS	X	X	X
MISAS	X	X	X
LITURXIA NON OFICIALISTA			
<i>RITUAIS</i>			

“POÑER O SANTO”	X	X	X
CIRCUNVALACION		X	
PASAR PANOS POLA IMAXE	X	X	
OFRENDAS			
EXVOTOS DE CERA		X	

V. CONSIDERACIÓNS FINAIS. CLAVES DE INTERPRETACIÓN REFERENTES AOS DOUS SANTUARIOS DE “O CORGO”.

Respecto ás imaxes de devoción, que están presentes nestes recintos sagrados, compre dicirmos que dende unha óptica oficialista operan como mediadoras perante Deus e condensan toda a virtude e o poder sobrenatural; mais desde unha visión, ligada coa piedade popular, as diferentes entidades sagradas (diferentes advocacións de Cristo, da Virxe e, tamén, os diferentes santos) posúen poderes e influencias propias. Polo tanto, con elas establécese unha importante comunicación por medio da palabra e de certas actitudes somáticas encamiñadas a acadar o seu amparo e benevolencia. Mais este favor sacro hai que relacionalo ao grao de protección ás estruturas do intercambio económico igualitario nun xeito de *“dou para me deas”*. Polo tanto, os devotos realizan rituais e deixan unha serie de ofrendas para satisfacer á súa parte no acordo.



Por outra banda, a dimensión sacra transmítese ao exterior dunha maneira directa por medio da procesión, tentando acadar un efecto salúfero.

Finalmente, as celebracións relixiosas nos referidos santuarios complementáanse cunha dimensión laica ou profana na que os fieis en xeral gozan dun tempo de lecer, mercan produtos de diferente índole, entre

os que hai que salientar as rosquillas, e atenden nas casas de seu aos invitados cun bo xantar. Logo, á noite, é o tempo para bailar unas pezas. Polo tanto, estas romaxes reflicten cara ao exterior unha serie de elementos básicos, como os ritos relixiosos, a comensalía, as relacións de amizade e de parella, a solidariedade comunal e a alegría como factor predominante.

VII. BIBLIOGRAFÍA.

ÁLVAREZ GASTÓN, Rosendo: *La religión del pueblo. Defensa de sus valores*. Madrid: B.A.C. 1976, páxs. 91-92.

ARREGUI, Gurutze e MANTEROLA, Ander: “Religiosidad popular”, en Aguirre, Ángel (dir.). *Diccionario temático de Antropología*. Barcelona: Boixaneu, 1993, pág.532.

BLANCO PRADO, José Manuel: *Religiosidad popular en el municipio de Begonte*, Lugo: Deputación provincial, 1991, pág.70.

BLANCO PRADO, José Manuel e RODRÍGUEZ SÁNCHEZ, Manuel: “La devoción popular en el Santuario de la Ermida (Quiroga)”, en *Lucus*, Boletín Informativo da Deputación de Lugo, nº 42, 1994, páxs. 35-37.

BLANCO PRADO, José Manuel: *Exvotos e Rituais nos Santuarios Lucenses*, Lugo: Deputación Provincial de Lugo, 1996, pág. 134.

BLANCO PRADO, José Manuel e PERNAS BERMÚDEZ, Carmen: “I. Introducción: As romarías e o seu significado” (Os santuarios do concello de A Pastoriza (Lugo), en *Rev. Croa*. Asociación Amigos do Castro de Viladonga. Castro de Rei. Lugo. Referencia de: Carme Pernas Bermúdez, pág.71.

CANCIO FERNÁNDEZ, José: Delineante, autor do mapa.

CASTÓN BOYER, Pedro: “La religiosidad tradicional en Andalucía. Una aproximación sociológica”, en CASTÓN BOYER y otros, *La religión en Andalucía. Aproximación a la religiosidad popular*. Sevilla: Edt. Andaluzes Unidos, 1985, p. 101.

CHRISTIAN JR, William A.: *Religiosidad local en la España de Felipe II*, Madrid: Nerea, 1991, pax. 11.

CHRISTIAN, JR, William A.: *Religiosidad popular. Estudio antropológico en un valle español*. Madrid: Tecnos, 1978, pág. 126

ESCALERA REYES, Javier.: "La religiosidad popular. III. HERMANDADES, ROMERÍAS Y SANTUARIOS. *HERMANDADES, RELIGIÓN POPULAR Y PODER EN ANDALUCÍA*. C. ÁLVAREZ SANTALO, MARÍA XESÚS BUXO y S. RODRÍGUEZ BECERRA (COORDS.). Anthropos. Barcelona. 1989, pág. 459.

FERNÁNDEZ DE ROTA, J. A: *Antropología de un viejo paisaje gallego*. Centro de Investigaciones Sociológicas. Madrid: Ed. S. XXI, 1984, pax. 259.

GALLEGO, Andrés: "Práctica religiosa y mentalidad popular en la España Contemporánea", en *Hispania Sacra*, 46, 1994, páx. 331.

GONDAR PORTASANY, Marcial: "Racionalidad campesina y Relativismo cultural", *Antropología y Racionalidad*, Santiago, 1980, páx. 60.

GONZÁLEZ REBOREDO, Xosé M.: *Guía das Festas Populares de Galicia*. Vigo: Ed. Galaxia, 1997, páx. 132.

LISÓN TOLOSANA, Carmelo: *Invitación a la Antropología cultural de España*. Madrid: Akal, 1980, páx. 93.

LISÓN TOLOSANA, Carmelo: "Rito, funciones y significado", *Música oral del Sur: Música hispana y ritual*, nº 9, Junta de Andalucía, 2012, páxs.22-28.

LÓPEZ FERREIRO, Antonio: "Los Fueros Municipales de Santiago y su tierra". T.I. Santiago. 1985, pg.359.

LORENZO FERNÁNDEZ, Xaquín: "Paganismo e cristianismo na relixiosidade popular", en *Rev. Encrucillada*, nº 9. Ed. Sept, Vigo, 1978, p.45.

MALDONADO, Luis: "Los Santuarios en la religiosidad popular", en *Santuarios del P. Vasco y Religiosidad popular*. II Semana de Estudios de Hª Eclesiástica del P.Vasco, Vitoria, 1982, páx. 70.

MALDONADO, Luis: "Dimensiones y tipos de la religiosidad popular", en *Concilium (Rev. Internacional de Teología)*, 206, 1986, páxs.9-18.

MALDONADO, Luis: "PARA COMPRENDER EL CATOLICISMO POPULAR". COFRADÍAS Y HERMANDADES. Ed. Verbo Divino. Estella (Navarra). 1990, páx. 87.

MARIÑO FERRO, Xosé Ramón.: *Las Romerías/Peregrinaciones y sus símbolos*, Vigo: Ed. Xerais de Galicia, 1987, páx. 272.

MIGUÉLEZ DÍAZ, Xosé Antón: "Relixiosidade popular galega. Aproximación e chamadas", en *Estudios Mindonienses*. Anuario de Estudios Histórico-Teolóxicos de la Diócesis de Mondoñedo-Ferrol. T. 2, páx. 248.

MOREIRAS SANTISO, Xosé: "A relixiosidade popular no sector rural", *Rev. Encrucillada*, nº 9, Vigo, 1978, páx. 64.

PRAT I CAROS, Joan: "Los Santuarios Marianos en Cataluña: una aproximación desde la etnografía", en *La Religiosidad popular, III*. Hermandades, Romerías, Santuarios. Anthropos, Barcelona, 1989, páx. 227.

PITT RIVERS, Julián: "L'identité locale vue à travers la fiesta". *Coloquio Hispano-Francés. Culturas Populares. Diferencia, Divergencias, Conflictos*. Universidad Complutense. Madrid. 1986, p. 13.

VALIÑA SAMPEDRO, Elías: *Inventario Artístico de Lugo y su provincia*. Servicio Nacional de Información Artística, Arqueológica y Etnológica, T. I, Madrid, 1975, págs. 82-83.

VALIÑA SAMPEDRO, Elías: *Catálogo de los Archivos Parroquiales de la Diócesis de Lugo*, Lugo: Servicio de Publicaciones de la Diputación Provincial, 1991, páxs. 35-36.

VOVELLE, Michel: “La religión popular”, en *Ideologías y mentalidades*. Barcelona: Ariel, 1985, págs. 125-131.

XIZ, Xulio: *O Corgo, amplo horizonte*. O Corgo: Ed. Concello de O Corgo, páx. 99.